

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PLAN DE SINALIZACION TURISTICA DO PATRIMONIO CULTURAL INTEGRADO NO “PLAN INTEGRAL DE PROMOCIÓN TURISTICA DA ZONA RURAL DE O CORGO, LUGO E RÁBADE” LIDERADO POLO CONCELLO DE LUGO. ESTA ACTUACIÓN ESTÁ COFINANCIADA POLA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E POLO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2007-2013.

Sendo as 11:00 horas do día 12 de agosto de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilmo Sr Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado da Área de Urbanismo, don Luis M. Álvarez Martínez, actuando como vocais, dona Carmen Basadre Vázquez, Concelleira delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Normalización da Lingua, dona Maria Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, don X. Antón Bao Abelleira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, dona Carmen Flores Pardo, en substitución do titular da asesoría xurídica do Concello e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario a informar aos membros da mesa do informe do negociado de rexistro do día 14 de agosto de 2013 no que se pon de manifesto que ao referido procedemento presentáronse dúas plicas mais:

- SEGALI
- PORTOSAR GALICIA S.L

Por outra banda a empresa ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L presenou un escrito no que manifesta a súa intención de manter a proposición presentada durante o prazo anterior.

Procédeuse a continuación á apertura dos sobres A (documentación administrativa) das empresas participantes:

ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L presenta a seguinte documentación:

- Certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Declaración responsable de vixencia dos datos anotados no Rexistro Xeral de Contratistas.

- Acreditación da solvencia económica e financeira a través da presentación dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Acreditación da solvencia técnica mediante a presentación de traballos de rehabilitación realizados de bens con algún tipo de protección como patrimonio cultural recoñecida pola administración que ostente as competencias, en cuxo orzamento de obra se incúan partidas de rehabilitación de fábrica de pedra e de carpintería de madeira.

PORTOSAR GALICIA S.L presenta a seguinte documentación:

- Copia do DNI do representante da empresa.
- Dilixencia de bastanteo de poder xeral.
- Declaración responsable.
- Xustificante da alta e último recibo pagado do IAE.
- Acreditación da solvencia económica e financeira mediante declaración dunha entidade financeira.
- Acreditación da solvencia técnica mediante a presentación de traballos de rehabilitación realizados de bens con algún tipo de protección como patrimonio cultural recoñecida pola administración que ostente as competencias, en cuxo orzamento de obra se incúan partidas de rehabilitación de fábrica de pedra e de carpintería de madeira.

SEGALI non presenta documentación administrativa, tan só un único sobre no que se contén a súa proposición económica.

Os integrantes da mesa, tras o examen desta documentación acordan excluír da licitación ás empresas:

- SEGALI, por non presentar documentación administrativa algunha.
- PORTOSAR GALICIA S.L por non acreditar debidamente a solvencia técnica necesaria, xa que non se acredita que os traballos de rehabilitación aportados se teñan realizado en bens con algún tipo de protección como patrimonio cultural recoñecida pola administración que ostente as competencias, e igualmente os orzamentos de obra non supoeran o mínimo esixido (50.000 euros) nas partidas de rehabilitación de fábrica de pedra e de carpintería de madeira.

Procédese a continuación á apertura do sobre B (oferta económica) da única empresa admitida a licitación.

ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L propón como prezo do contrato a cantidade de 76.230 euros, IVE incluído.

Á vista de todo o anterior e tendo en conta que o unico criterio de negociación é a oferta económica, os integrantes da mesa de contratación acordan

CONTRATACIÓN

MLA

Refª: Acta apertura ofertas e adxudicación.doc

Asunto:

por unanimidade propoñer a adxudicación do contrato á entidade ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L nas condicións incluídas na súa proposición.

Sen mais que manifestar, conclúese a sesión ás 11:20 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo: Luis M. Álvarez Martínez

Asdo: Manuel Louzao Aldariz